

# **PLAN DE CONVIVENCIA**

**CEIP PLURILINGÜE "AS SOLANAS- NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO"  
A GUARDA (PONTEVEDRA)**

## 1. INTRODUCCIÓN

(contextualización do tema e normativa)

## 2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.1. Sensibilización da comunidade educativa.

2.2. Análise e diagnóstico da situación do contexto.

2.3. Concreción do Plan:

2.3.1. Obxecto, fins e principios do plan.

2.3.2. Obxectivos específicos (derivados da análise previa).

2.3.3. Actuacións, medidas ou programas:

### A) Organización XERAL da convivencia do centro:

1. Relación de faltas e a súa catalogación e sanción.

2. Normas das aulas do Proxecto Abalar.

3. Funcionamento e convivencia do comedor escolar.

4. Comisión de convivencia.

5. Aula de convivencia inclusiva.

6. Protocolos e programas específicos:

6.1. Protocolo de acoso escolar e ciberacoso.

6.2. Protocolo para a prevención do absentismo escolar en Galicia.

6.3. Protocolo de atención educativa domiciliaria.

6.4. Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.

6.5. Protocolo de urxencias sanitarias.

6.6. Procedemento corrector de condutas.

### B) Actuacións ANUAIS do plan de convivencia:

1. Concreción das actuacións.

2. Relación entre as actuacións do plan de convivencia e outros documentos do centro (NOFC, PAD e PAT).

3. Os responsables das actuacións.

4. Os recursos.

5. Os indicadores de logro e os instrumentos de avaliación.

2.3.4. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan.

2.3.5. Difusión do plan.

## 3. ANEXO

Anexo 1: NOFC

Normas aula Proxecto ABALAR.

Funcionamento e convivencia do comedor escolar.

Aula de convivencia inclusiva

Anexo 2: Protocolo xeral para a prevención e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

Anexo 3: Protocolo absentismo escolar.

Anexo 4: Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Anexo 5: Protocolo de consenso sobre TDAH en infancia e adolescencia nos ámbitos educativos e sanitarios.

Anexo 6: Protocolo de urxencias sanitarias.

Anexo 7: Procedemento corrector de condutas.

## 1.INTRODUCCIÓN

Os artigos 120 e 124 da **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, na redacción dada pola **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa**, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. No mesmo artigo 124, dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables no caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento e as medidas correctoras serán proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

No **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**, di que: *"A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade mutua, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ó tratarse dun aprendizaxe enmarcado nos obxectivos fundamentais e transversais e, a súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa"*.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que fan falta alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento no que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por elo o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

Dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

## **2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

### **2.1. Sensibilización da comunidade educativa.**

Concibimos a convivencia neste centro como un xeito de compartir democraticamente vivencias "cos outros", respectando as diferenzas e contribuíndo á solución de conflitos.

Anteriormente, tiveron unha importancia prioritaria as fases de sensibilización e de avaliación de necesidades, que se potenciaron mutuamente e na que se recolleu información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa, tendo en conta as máis amplas e variadas fontes de información e facendo unha triangulación metodolóxica que integrou:

- Técnicas de cuestionario semellante para aplicar a profesorado, familias, alumnado e persoal non docente, o que permitiu comparar as distintas visións sobre a convivencia.

- Técnicas cualitativas, como entrevistas, escalas de observación...

No presente curso 2015/2016, a Consellería, por medio da plataforma "educonvives.gal", puxo á disposición un cuestionario de recollida de datos dos distintos sectores da comunidade educativa (dirección, alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) co fin de facilitar a elaboración dos plans de convivencia dos centros e de establecer o clima escolar de Galicia, guiando as accións de mellora deste.

### **2.2. Análise e diagnose da situación do contexto.**

Respecto do alumnado, profesorado, familias e contexto en xeral, consultarase o Proxecto Educativo de centro.

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, das boas canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

Actualmente podemos cualificar o clima de convivencia do centro como bo. Se ben é certo que puntualmente se producen situacións contrarias ó bo clima habitual:

- Actos disruptivos nas aulas.
- Conflitos esporádicos ou episodios puntuais de agresión.
- Falta de responsabilidade familiar.
- Falta dun criterio común.
- Transmisión de valores erróneos na sociedade.
- Incumprimento das normas de convivencia.

## **2.3. Concreción do Plan.**

### **2.3.1. Obxecto, fins e principios do plan.**

Estes aspectos inclúense no artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

*“ Artigo 11. Obxecto, fins e principios do plan de convivencia*

- 1. O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garanta unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.*
- 2. O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos en el artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá*

*actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.*

*3. O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro.*

*4. Os centros docentes privados concertados elaborarán os respectivos plans de convivencia habida conta das súas peculiaridades.*

*5. A elaboración do plan de convivencia suporá o análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, no seu caso, a súa actualización conforme ó establecido neste decreto.*

*Estes documentos son:*

*a) O proxecto educativo do centro.*

*b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.*

*c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial.*

*d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona ós diferentes intereses e motivacións do alumnado.*

*e) A programación xeral anual".*

### **2.3.2. Obxectivos específicos (derivados da análise previa).**

Tendo en conta que o obxectivo xeral será favorecer a convivencia pacífica e democrática no centro educativo e nas relacións coa comunidade educativa, e que para isto, tentaremos empregar o conflito como ferramenta educativa que dea a oportunidade de aprender a resolver pacificamente os distintos problemas que poidan xurdir na convivencia diaria empregándoo como unha oportunidade para aprender, os obxectivos específicos que nos plantexamos despois da análise previa serán:

- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo ou idade.
- Previr a violencia e o acoso no centro escolar.

- Formar ó alumnado na resolución de conflitos (posibilidade de formar mediadores escolares).
- Fomentar a implicación das familias.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- Dotar ó centro dos recursos necesarios.
- Formar ó profesorado, para poder solucionar mellor os problemas de convivencia que se dan hoxe en día na escola.

### 2.3.3. Actuacións, medidas ou programas.

#### A) Organización XERAL da convivencia do centro

##### 1. Relación de faltas e a súa catalogación e sanción

As normas de convivencia incluíranse nas normas de organización e funcionamento (NOF, antigo RRI), atribuíndolle así a nova terminoloxía que introduce o Decreto 8/2015, NOFC. **(Anexo 1)**

##### 2. Normas das aulas do Proxecto Abalar

Incluíranse tamén no NOFC, antigo RRI. **(Anexo 1)**

##### 3. Funcionamento e convivencia do comedor escolar

Incluíranse tamén no NOFC, antigo RRI. **(Anexo 1)**

##### 4. Comisión de convivencia

Poténciase a labor da Comisión de convivencia, no seo do Consello escolar, como órgano responsable da convivencia no centro educativo con integrantes de diferentes estamentos. Deberá constituírse no prazo de seis meses dende a entrada en vigor do Decreto 8/2015.

Ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar ten asignadas o Consello escolar.

Estará composta por:

- O seu presidente, que será a persoa titular da dirección do centro.
- Representantes do alumnado.
- Representantes do profesorado (aconséllase: persoa que ostente a Xefatura do Departamento de Orientación; profesorado dinamizador da convivencia no centro; membros con formación e sensibilidade nos

temas de convivencia).

- Representantes das familias.

- Representantes do persoal de administración e servizos.

\* Todos os representantes na mesma proporción na que se atopan representados no Consello escolar do centro e un dos integrantes actuará como secretario/a.

As súas funcións están recollidas no artigo 6 do Decreto 8/2015 e outras que se consideren oportunas:

- Elaborar o Plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída.

- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no Plan e normas de convivencia.

- Elevar ao Consello Escolar de cada centro e recoller na memoria anual da Comisión de convivencia, as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo, propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no centro e se contemplan no Plan de convivencia.

- Posibles funcións, por delegación do Consello Escolar.

Reuniránse de maneira ordinaria 3 veces anualmente (unha por trimestre) e as que se consideren de carácter extraordinario sempre que sexan convocadas pola presidencia o por proposta de 1/3 dos membros.

##### 5. Aula de convivencia inclusiva

Son non estables, para o alumnado que como consecuencia da imposición de medidas correctoras estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Son non estables, e de ser o caso, teñen a finalidade de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, e buscan a mellor reincorporación do alumnado á



súa propia aula no menor tempo posible.

Os obxectivos e finalidades da posta en marcha desta aula serán:

- Axudar a adquirir unha boa disposición cara ás tarefas escolares e compensar as carencias que lles impiden a algúns alumnos ou alumnas a súa inclusión escolar.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol.
- Favorecer no alumnado a comprensión do alcance que teñen as súas condutas para si mesmo e para os demais e a importancia da responsabilidade das súas accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cara aos demais.
- Habilitar un espazo que lle proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo iso ao desenvolvemento das clases.

Crearanse sempre que exista dispoñibilidade de profesorado para a súa atención. Xefatura establecerá no seu caso, gardas específicas entre todo o profesorado do centro, que deberán coordinarse co profesorado titor (encargado do seguimento, evolución e comunicación á familia) e equipo docente.

En canto ó horario e condicións de funcionamento da aula, será como calquera aula do centro. A aula terá un tamaño reducido, mobiliario disposto para o diálogo e reflexión, localización accesible, cálida, próxima a cargos directivos ou sala de profesorado, percibida como un lugar no que aprender a convivir. O material didáctico para o seu funcionamento será proporcionado pola xefatura do departamento de orientación para as actividades de reflexión.

## 6. Protocolos e programas específicos

- 6.1. Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

No artigo 30, da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, dispónse que cada centro docente incluíra un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu Plan de convivencia.

Recollido nas Instrucións do 17 de xuño de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso nos centros sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia (**Anexo 2**).

#### 6.2. Protocolo de absentismo escolar

Coa finalidade de establecer unhas pautas comúns de actuación fronte ao absentismo escolar, elaborouse o Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, que ten un carácter básico e de referencia, de xeito que cada centro educativo, dentro da súa competencia e autonomía, pode adaptalo á súa realidade.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dentro das súas competencias, ditou as Instrucións do 31 de xaneiro de 2014, co propósito de trasladar o protocolo xeral e de facilitar a súa aplicación nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia (**Anexo 3**).

#### 6.3. Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Co obxecto de mellorar a atención a Consellería impulsa, dentro da Estratexia Galega de Convivencia 2015-2020 un protocolo para a atención educativa do alumnado que deba permanecer convalescente no domicilio por lesión, doenza prolongada ou enfermidade crónica sempre a criterio médico. Neste protocolo determínanse os procesos de solicitude, tramitación, elaboración, coordinación e seguimento do programa individualizado, e a participación e apoio das familias. Así

mesmo, facilitáanse modelos dos principais documentos necesarios **(Anexo 4)**.

6.4. Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.

A presenza do TDAH nos distintos ámbitos da vida dunha persoa fai necesario que a abordaxe se realice desde un enfoque interinstitucional, integral e de colaboración, cando menos, entre a familia, o sistema educativo e o sistema sanitario. Conscientes desa situación e da necesidade dunha coordinación axeitada, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicaron o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario, co que se pretende contribuír á mellora da atención e á redución das dificultades que este trastorno ocasiona a diario na vida de moitas nenas, nenos e persoas adolescentes **(Anexo 5)**.

6.5. Protocolo de urxencias sanitarias.

As actuacións en urxencias sanitarias e a atención nos procesos e condicións de saúde que afectan ao alumnado por un tempo prolongado ou ao longo de toda a súa vida, son claves na construción dun clima escolar pacífico, positivo e respectuoso coa diversidade. No marco da Estratexia Galega para a Convivencia Escolar, ponse a disposición da comunidade educativa galega un Protocolo básico que será paulatinamente complementado por diferentes Addendas **(Anexo 6)**.

6.6. Procedemento corrector de condutas.

No marco da Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria proporciona aos centros docentes unha ferramenta para desenvolver o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de

convivencia, que guía a actuación do profesorado nestes casos. Esta ferramenta consta dunhas orientacións que pretenden dar resposta ás cuestións máis frecuentes que se formulan os centros cando se enfrontan a unha situación desta índole, e uns modelos normalizados que recollen o procedemento que cómpre seguir para a súa tramitación. Acompáñanse estes dous documentos cun mapa gráfico que ilustra todo o proceso (**Anexo 7**).

## B) Actuacións ANUAIS do plan de convivencia

### 1. Concreción das actuacións

Algunhas das actividades que se levarán a cabo de maneira xeral en materia de convivencia no noso centro serán:

Establecemento de normas de convivencia nas clases ó inicio do curso.

Responsable: titores/as.

Asambleas de clase, cando o titor/a o considere necesario, para tratar calquera aspecto que afecte ás boas relacións e á convivencia do grupo.

Responsable: titores/as.

Análise nas titorías sobre a marcha da convivencia da clase unha vez ao trimestre e informar nas xuntas de avaliación.

Responsable: titores/as.

Abordarase ao longo do curso calquera incidencia puntual que altere a convivencia do centro co alumnado implicado e a súa familia, se procede.

Responsable: equipo directivo, orientador/a e titores/as.

Actividades de fomento dos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia, etc.

Responsable: profesorado, orientador/a.

Participación do centro en programas e actividades que fomenten a convivencia no centro: Día da paz, valores no cine, reforzo educativo, día dos dereitos dos nenos e nenas, normalización

lingüística de inmigrantes...

Responsable: profesorado, orientador/a e equipo de convivencia.

2. Relación entre as actuacións do plan de convivencia e outros documentos do centro.

**RELACIÓN PLAN/NOFC.-** Incorporar, entre os deberes do alumnado, aqueles que teñen que ver con tolerancia e respecto á liberdade, á integridade e á dignidade de toda a comunidade educativa; coa non discriminación; coa implicación na vida do centro e na consecución dun clima axeitado de estudo; co respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina; coa asistencia regular á clase; o coidado dos recursos e instalacións...

**RELACIÓN PLAN/PAT.-** Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.

**RELACIÓN PLAN/PAD.-** Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

3. Os responsables das actuacións

Algúns dos responsables das actuacións que se poden dar en materia de convivencia no centro poderán ser:

- **- Profesorado titor / Profesorado especialista / Profesorado en xeral:**
- Deberán asumir persoalmente o mantemento da orde e a disciplina dentro da aula, tendo como prioridade garantir o dereito do alumnado a recibir unha formación integral. Para tal fin, poderá recorrer aos partes de amonestación ou ao equipo directivo como último recurso, pois pola contra, pode perder a autoridade ante o seu alumnado. Ante unha situación de conflito, cando o diálogo non sexa suficiente para solucionar o problema, o profesorado poderá utilizar os seguintes recursos: cambiar a distribución da

aula; anotación na axenda escolar das posibles incidencias; asinar por parte dos pais/nais/titores as notas por comportamento; privar ao grupo ou a determinado alumnado dalgunha actividade gratificante, á vez que realizan outras tarefas que non sexan do seu agrado...

- **Equipo directivo**, ou calquera dos seus membros de xeito individual: estará permanentemente aberto a suxestións que susciten a familia e o alumnado e calquera membro da comunidade educativa e, ante problemas de convivencia, dialogará co alumno/a e o seu pai/nai/titor a fin de reconducir a situación. Mediará na solución dos conflitos xunto co titor/a. Fomentará o diálogo cos pais/nais/titores para que interveñan na coeducación dos seus fillos e fillas e lles fagan recapacitar. Intentará aplicar medidas que teñan carácter educativo, arbitrando fórmulas a través das cales o alumnado modifique a súa conduta e termine asumindo as normas de convivencia.

As posibles medidas sancionadoras adoptadas irán aumentando gradualmente de menor a maior:

1. Amonestación verbal, amonestación escrita e comunicación á familia.
2. Privación de recreo ou doutras actividades complementarias.
3. Realización extra de traballo en casa.
4. Comparecencia ante Xefatura de estudos.

- **Departamento de orientación**, ou calquera dos seus membros de xeito individual:

Entrevistará e estudará ao alumnado aos que se lles observe algún problema que conleve un mal comportamento na aula (falta de atención, actitude pasiva, falta de implicación por parte da familia, etc.). En colaboración coa Xefatura de estudos, impulsará a realización de algún programa de habilidades sociais ou convivencia no grupo-clase no que se centren as dificultades de convivencia.

- CCP / Consello escolar / Claustro profesores.
- Comisión de convivencia.
- Inspección educativa.
- Axentes externos ao centro (outras administracións, asociacións, fundacións, ONG...) deberán explicitarse.
- Outros.

#### 4. Os recursos.

- Documentos do centro: PE, PAT, PAD, NOFC, plan de convivencia, protocolos (de acoso escolar, de absentismo... os incluídos neste plan).
- Programacións didácticas.
- Estratexias metodolóxicas: aprendizaxe cooperativa, traballo en grupo...
- Programas específicos de traballo (habilidades sociais, técnicas de traballo intelectual...).
- Materiais elaborados ou mercados polo propio centro para traballar a convivencia.
- Inspección educativa.
- Servizos externos ao centro (servizos sociais e de saúde, xurídicos, de seguridade cidadá...).
- Outros.

#### 5. Os indicadores de logro e os instrumentos de avaliación.

Para evidenciar o éxito obtido nas distintas accións é preciso seleccionar indicadores de logro. Os indicadores deben ser claros, simples e co obxectivo de acadar unha mellora.

Medimos os indicadores con distintos instrumentos avaliación:

- Cuestionarios para o alumnado, profesorado e familias ou outros instrumentos acordados.
- Anotacións.
- Instrumentos de autoavaliación para o alumnado.

- Informes dos titores e equipo directivo.
- Informes da comisión de convivencia e consello escolar.
- Reproducións de calquera tipo.
- Diarios.
- Entrevistas.
- Cuestionarios.
- Memoria final de curso, incluíndo valoracións de todos os implicados sobre as repercusións das medidas adoptadas na vida do centro.
- Outros.

#### **2.3.4. Seguimento, avaliación e propostas de mellora.**

A avaliación será continua, para avaliar o desenvolvemento do plan, e formativa, facendo os axustes que procedan, de maneira que se faga un seguimento constante.

Para avaliar o plan, tómanse como referente as actuacións marcadas, así como os prazos e as persoas responsables. Poden ser útiles rexistros, informes, documentos... Normalmente, na memoria de final de curso recolleránse todos estes aspectos e, de ser o caso, propostas de mellora que se estimen máis axeitadas.

#### **2.3.5. Difusión do Plan.**

No artigo 17 do Decreto 8/2015, dícese que: "O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa".

O mesmo, aplícase tamén para todos aqueles protocolos ou plans que se inclúen dentro do Plan de convivencia.



## **INFORME DO CLAUSTRO**

O Claustro de profesores foi informado das modificacións e actualizacións do Plan de Convivencia do centro na sesión ordinaria celebrada o día 10 de maio de 2016

O Plan de convivencia foi modificado no "anexo I: NOFC", introducindo aula de convivencia inclusiva. O claustro de profesores foi informado da actualización, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de outubro de 2017.

## **APROBACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR**

### **CERTIFICACIÓN**

Segundo o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, capítulo II, artigo 11, no seu punto 3, di que será competencia do Consello Escolar do centro a súa aprobación.

En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 29 de xuño do 2016, quedou aprobada a modificación e actualización correspondente do Plan de convivencia que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

O Plan de convivencia foi modificado no "anexo I: NOFC", introducindo aula de convivencia inclusiva. O Consello Escolar aprobou dita actualización, na sesión ordinaria celebrada o día 10 de outubro de 2017.

En A Guarda, a 11 de outubro do 2017